



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Socioloxía: Socioloxía da educación

Materia	Socioloxía: Socioloxía da educación			
Código	P02G110V01105			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web				

Descrición xeral	<p>Materia básica na formación inicial do profesorado de Educación Infantil, imprescindible para que as e os futuros docentes comprendan a complexidade dos procesos e relacións educativas.</p> <p>A reflexión que se fai nesta materia debería contribuír a unha praxe docente racional e consciente.</p> <p>Os contidos céntranse fundamentalmente no proceso de socialización e nas súas axencias e ámbitos principais, e, nomeadamente, na escolarización nas sociedades modernas; mais tamén se dá a debida importancia aos aspectos xerais da disciplina sociolóxica.</p> <p>O programa pretende achegar as dimensións estruturais e ideolóxicas que preceden, condicionan e entrelazan os procesos educativos. Preténdese:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Abordar os aspectos sociais -non pedagóxicos- nin didácticos- implicados na educación.</li> <li>- Contextualizar os procesos educativos no seu medio social e histórico, nomeadamente na actualidade, reflexionando sobre os profundos cambios sociais actuais.</li> <li>- Adquirir coñecementos básicos de Socioloxía e poder usar as súas achegas teóricas como ferramentas de análise e comprensión da realidade social e educativa.</li> <li>- Incorporar coñecementos de disciplinas afíns.</li> <li>- Desenvolver capacidades de comprensión e análise do medio social e a capacidade de aplicación para avaliar e prever o impacto, máis alá da aula e da práctica profesional diaria, na integración da comunidade, na resolución de conflitos e na innovación educativa.</li> </ul>
------------------	--

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida

B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no periodo 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
C11	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar.
C12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
C13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostenible.
C14	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellóraa en educación infantil.
C24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
C25	Abordar análise de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.
C26	Saber analizar os datos obtidos, comprender críticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
C27	Situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional.
C28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
C29	Valorar a importancia do traballo en equipo
C30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e en colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
C31	Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.
C36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
C37	Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, os costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
C43	Favorecer as capacidades de fala e de escritura.
C48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
C62	Relacionar teoría e práctica coa realidade do aula e do centro.
C63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
C64	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro
C66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social.
C67	Estas competencias, xunto coas propias do resto de materias, quedarán reflectidas no Traballo fin de Grado que compendia a formación adquirida ao longo de todos os ensinos descritos.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
a. Poder usar as achegas teóricas da socioloxía como unha ferramenta de análise e comprensión da realidade.	A1	B5	C1	D1
	A2	B7	C4	D2
	A3	B9	C10	D3
b. Analizar a educación (infantil) como un feito social, as funcións do sistema educativo, a súas transformacións e conflitos.	A4	B10	C11	D5
	A5	B11	C12	D6
		B12	C13	D7
c. Coñecer a evolución da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar para poder interactuar coas familias.			C14	D8
			C23	D9
			C24	D10
d. Comprender as demandas institucionais da educación (infantil) no contexto actual (familia, relacións de xénero e interxeracionais, multiculturalidade e interculturalidade, discriminación e inclusión social, desenvolvemento sostible, impacto das linguaxes visuais).			C25	D11
			C26	D12
			C27	D13
			C28	D14
e. Analizar o impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das tecnoloxías, os cambios nas relacións de xénero e interxeracionais, a multiculturalidade e a interculturalidade, a discriminación e inclusión social e o desenvolvemento sostible.			C29	D15
			C30	D16
			C31	D17
			C36	D18
f. Poder levar a cabo e avaliar as accións dentro e fóra dos centro educativos destinadas á formación cidadá.			C37	D19
			C43	D20
			C48	D21
g. Descubrir os aspectos sociais non pedagóxicos implicados nos procesos educativos (conxuntura económica, evolución do mercado de traballo, transformacións sociais...).			C62	
			C63	
			C64	
h. Adquirir destrezas para recabar información e analizala sobre os puntos anteriores a través do traballo autónomo e en equipo.			C66	
			C67	
i. Comprensión de textos complexos, resumir e articular información complexa ou de fontes diferentes.				
j. Competencias para tarefas colaboradoras: capacidade de escoitar e comprender os demais, capacidade para facerse entender (oral, escrita), adaptación e calendarios de traballo e a cumprimentación das tarefas e os tempos, adaptar e reorganizar o traballo, asumir a responsabilidade propia e do grupo.				

## Contidos

### Tema

TEMA 1.- A perspectiva sociolóxica: perspectivas A perspectiva teórica da Socioloxía

teóricas e conceptos básicos. Apéndice metodolóxico

- Perspectiva sociolóxica, perspectiva global e perspectiva sociolóxica na vida cotiá. A Socioloxía como ciencia: orixes e desenvolvemento.
- Teoría sociolóxica: principais paradigmas e novas perspectivas, nomeadamente perspectiva de xénero e feminista. O debate entre estrutura e acción

Conceptos básicos:

- Que entendemos por sociedade, evolución e tipos de sociedade
- Individuo e sociedade, achegas da socioloxía clásica: Marx, Weber e Durkheim (conflito, racionalización, función, anomia)
- Cultura: conceptualización, diversidade cultural, subcultura e contracultura; multiculturalidade e interculturalidade. Símbolos, valores, normas, desviación e control social
- Estrutura social e interacción (status e rol)
- Estratificación social: clase, xénero e etnia
- Grupos e organizacións

Apéndice metodolóxico básico para a realización do proxecto de investigación:

Metodoloxía, nocións básicas para o traballo de investigación: a definición do problema, as achegas teóricas, a formulación da hipótese, a escollo do deseño (distinción métodos e ferramentas básicas), recollida e compilación dos datos, interpretación dos resultados, elaboración de informe.

TEMA 2.- Socioloxía da familia e da infancia.  
Socialización, perspectiva teórica e axentes principais

Que é a socialización? Concepto, proceso, teorías e axentes principais.  
Análise sociolóxica da familia

- Que son as familias? Definición, natureza e evolución histórica
- Principais perspectivas teóricas: funcións, desigualdade, patriarcado e análise micro.
- A transformación da institución familiar na actualidade, diversidade de modelos fronte ao modelo tradicional.
- A cara escura das familias, a violencia intrafamiliar e a violencia de xénero

Análise sociolóxica da infancia

- A construción social da infancia, as perspectivas teóricas sobre a infancia, a infancia maltratada e excluída, a infancia postmoderna
- A socialización na infancia no marco da familia e da escola. Os modelos de socialización familiar, a relación familia-escola. A socialización no xénero como exemplo de socialización diferencial e de transformación

---

TEMA 3.- Contexto social, cambios sociodemográficos e acceso ao mercado de traballo. Políticas educativas

O contexto social actual, cambio e transformación acelerada. Sociedade transformacional e líquida

- Cambios sociodemográficos: natalidade, esperanza de vida, acceso ao mercado de traballo, ... e como afectan estes cambios na estrutura social e na construción social das categorías de idade, do xénero, así como no consumo, nas migracións, ...)
- Relación entre sistema social e sistema educativo, xenealoxía do sistema escolar -Características comúns e xerais dos sistemas educativos (xeneralidade, obrigatoriedade, ramificación, burocratización)
- A eficacia da socialización escolar e o acceso ao mercado de traballo. Políticas educativas, innovación e reforma (coeducación).

Apéndice coas explicacións teóricas da relación entre educación e sociedade: da achega dos clásicos aos paradigmas actuais. De especial interese para o marco teórico dos proxectos de investigación

---

TEMA 4.- Educación e cidadanía

- A estratificación social e as súas consecuencias no sistema educativo, nos grupos sociais e nos individuos: discriminación, inclusión/exclusión social, participación na vida política e económica
- A teoría sociolóxica aborda a desigualdade
- A relación entre clase social e educación
- O xénero como categoría relevante na desigualdade educativa. A división sexual do traballo e o sexismo no currículo e na interacción. A necesidade da coeducación e da educación afectivo sexual.
- A diversidade cultural e a interculturalidade como reto para os sistemas educativos actuais sociedade global.

---

TEMA 5.- As funcións sociais do sistema educativo-

- A socialización para o traballo como elemento fundamental da relación entre a escola e a sociedade
- A importancia da formación cívica nunha sociedade democrática
- A socialización para o consumo e o patriarcado no noso modelo
- A construción do consenso social a través da educación escolar
- A creación de identidade nacional
- A regulación do mercado de traballo
- A custodia da infancia.

---

TEMA 6.- Cultura e educación: culturas familiares e cultura escolar. O currículo

- Que é o currículo dende a perspectiva sociolóxica: expreso, evidente, visible, oculto, invisible, omitido; saberes, hábitos, espazos e tempos, a organización escolar como elemento esencial na análise do currículo
- As relacións sociais do proceso educativo: inculcación, selección/omisión, segregación/inclusión

Relación entre educación familiar, demandas da comunidade e práctica na escola.

- Os negos de xénero, de clase e étnicos no sistema educativo e factores sociais de rendemento escolar relacionados con eles.

Achegas teóricas relevantes:

- A reprodución cultural e social na escola
- A violencia simbólica.
- Lingua e currículo
- A escola aparello de poder disciplinario

TEMA 7.- Socioloxía da interacción na aula. o currículo oculto e a socialización na aula e no centro. Resolución de conflitos

- A análise sociolóxica do profesorado. A feminización da profesión docente
- A aula como microsociedade: significación social da aula e da relación educativa, poder e estratificación: xénero, clase e etnia
- A aula como marco de comportamento: negociación, estigma e resistencia
- A comunicación na aula e a constitución do individuo illado
- Resolución de conflitos: aprender a amar na escola, a importancia da educación afectiva e da aplicación de modelos integradores baseados no concepto de construción social

TEMA 8.- A escola debe responder a o novo modelo de sociedade. o impacto das TICs na educación

- A revolución das TICs e a sociedade da información, impacto na economía, na democracia, nas relacións sociais, a creación de novas culturas e os novos riscos
- O impacto das linguaxes audiovisuais e das pantallas na socialización, xénero e uso das tic
- Sinerxías e oportunidades das TICs para transformar o modelo educativo, novos contornos de aprendizaxe e de relación, a transformación do espazo/tempo, eliminación de barreiras no acceso.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	10	20	30
Presentación	8	6	14
Foros de discusión	0	3	3
Resolución de problemas de forma autónoma	0	16	16
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	6	0	6
Seminario	5	10	15
Actividades introdutorias	2	0	2
Estudo previo	0	21	21
Lección maxistral	10	0	10
Resolución de problemas	10	20	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Cartafol/dossier	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición

Traballo tutelado	<p>□ Descrición: actividades que realiza o alumnado, algúns exemplos poden ser:  -Recensións sobre artigos científicos de actualidade  - análise de documentos audiovisuais  -Traballo monográfico  - Procura de información en publicacións, bases de datos, artigos, libros □ sobre un tema en concreto.  -Proxectos: deseño e desenvolvemento dun traballo de investigación en grupo (aula B) que inclúa parte ou todas as actividades precedentes.</p> <p>Quen se encargue da docencia acoutará e aceptará os temas de estudo propostos polo alumnado. Realizará o seguimento do traballo e avaliará o proceso e o resultado final.</p> <p>□ O obxectivo é adquirir e consolidar coñecementos e formar parte fundamental do traballo que se avalia.</p> <p>□ Modalidade: autónoma e guiada  □ Natureza: práctica.  □ Escenario: aual, despacho e rede</p> <p>Realizarase en grupo reducido</p> <p>O alumnado realizará o traballo a partir do guión proporcionado pola/o docente, dispoñendo das sesións de prácticas (horas B) e das sesións de titoría para facilitar o seguimento do seu traballo.</p>
Presentación	<p>□ Descrición: todos os traballos tutelados nas sesións prácticas deben ser presentados en público a todo o grupo en sesións habilitadas a tal efecto ao final do cuadrimestre. Teráse en conta a habilidade para comunicar e a capacidade de captar a atención do público así como a capacidade de síntese e os recursos empregados.</p> <p>Tamén se poden expoñer, pero non é obrigatorio, outros traballos que se vaian realizando de forma voluntaria polo alumnado.</p> <p>Estas exposicións consistirán en presentar un tema concreto ou un traballo (previa presentación escrita na que se avaliará o contido).</p> <p>Trátase dunha metodoloxía que traballa unha competencia nuclear e transversal cuxo obxectivo é aprender a comunicar.</p> <p>Os traballos expoñeranse en grupo -os que se realicen en grupo- ou individualmente os que se fagan desa forma con carácter voluntario.</p> <p>As presentacións serán avaliadas en función dos criterios previamente establecidos, podendo incluso integrar a avaliación criterios e cualificacións incorporados polo alumnado.</p> <p>□ Modalidade: guiada  □ Natureza: práctica  □ Escenario: aula ordinaria que conta con recursos tecnolóxicos (canón de proxección, transparencias, conexión a Internet, vídeo ou DVD □)  □ Grupo: grande, mediano ou reducido.  □ Tarefas do alumnado:  Expoñer o traballo publicamente.  Defendelo, é dicir, debe responder ás preguntas e posibles críticas construtivas de colegas e docentes.  Poderanse explicar na parte final da exposición os problemas e obstáculos xurdidos durante a elaboración do traballo.</p>

Foros de discusión	<p>□Descripción: esta é unha actividade que se realizaría a través das redes de comunicación creadas polo propio alumnado na que poderán debater e intercambiar informacións e opinións de interese para o desenvolvemento teórico e práctico da materia</p> <p>□Obxectivos:          Coordinar e acordar as prioridades para o traballo de seminario          Abrir perspectivas e temas e traballar e consolidar coñecementos.          Cuestionar(se) opinións persoais e posibles prexuízos          Desenvolver habilidades comunicativas</p> <p>□Modalidade: autónoma          □Natureza: práctica          □Escenario: non prescrito          □Grupos: grande ou reducido</p> <p>□Quen teña a cargo a docencia, ou incluso o alumnado, propondrá un tema de debate ou de estudo, se é preciso nomearase alguén que dinamice ou modere o foro.</p>
Resolución de problemas de forma autónoma	<p>□Descripción: formulación, análise, resolución individual, e de proceder debate en grupo, dun exercicio relacionado coa temática da materia de forma autónoma por parte do alumnado.</p> <p>□Obxectivo          Reflexionar sobre as cuestións principais da materia e relacionar teoría e práctica.          Introducir novos conceptos e integralos cos antigos.          Consolidar coñecementos.</p> <p>Ao final de cada tema dos que compoñen a documentación básica para preparar a materia hai unha batería de cuestións ou exercicios denominadas actividades de autoavaliación, a resolución destas actividades integrará o contido do cartafol xunto coa documentación elaborada para os seminarios e outros traballos voluntarios. A/o docente poderá revisar este material que formará parte da avaliación final, tamén se poderá revisar a petición do alumnado.</p> <p>□Modalidade: autónoma.          □Natureza: teórico-práctica.          □Escenario: non prescrito.</p> <p>□Tarefas do alumnado:          Resolver a cuestión ou exercicio proposto pola/o docente a partir da documentación facilitada. Aínda que as actividades se realizaren de forma autónoma, o alumnado disporá en todo momento de sesións de titoría para que a docente poida realizar o acompañamento e seguimento desta metodoloxía.</p>
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	<p>□Descripción: desenvolver con axuda das TIC prácticas de búsqueda de información, manexo de ferramentas básicas para deseñar táboas e gráficas, tratamento de datos e búsqueda de fontes estatísticas.</p> <p>Desenvolveranse 2 sesións ao inicio do curso en horas B, as dúas primeiras semanas, e outras 2, tamén en horas B cando o desenvolvemento dos traballos o requira, é dicir, no momento en que se trate de buscar, procesar e presentar a información para os traballos. Aproximadamente terán lugar na 2ª, 3ª, e 4ª semana de novembro.</p> <p>□Obxectivos:          Facilitar a correlación entre a teoría e a práctica.          Consolidar coñecementos.          Utilizar programas ou recursos informáticos.</p> <p>□Modalidade: guiada.          □Natureza: práctica.          □Escenario: aula de informática ou aula B e en grupo mediano.</p> <p>□Que estea a cargo desta docencia deberá elaborar e proporcionar un guión para orientar a realización do traballo e das actividades concretas en cada caso, asemade deberá facer o seguimento da evolución da actividade do alumnado.</p> <p>□Tarefas do alumnado: realizar a actividade proposta en tempo e forma.</p>

Seminario

- Descripción: trátase dun tipo de metodoloxía que combina o traballo autónomo co guiado de aula. Pretende profundar e ampliar o contido xeral da materia pero a través dun tema específico tratado no programa xeral da materia. O tema escollido é: Socialización, educación e xénero
- Terán lugar 8 sesións de unha hora en pequeno grupo (sesións de horas C) en semanas alternas co fin de dar tempo a preparar lecturas de textos e procuras de información etc..
- Obxectivo: adquirir, comunicar e consolidar coñecementos teórico-prácticos e fomentar a interactividade entre a docente e o alumnado.
- Modalidade: guiada.
- Natureza: práctica.
- Escenario: aula ordinaria con recursos tecnolóxicos.
- Grupos: reducido
- Tarefas do alumnado: coordinación do grupo, xerarquización dos temas a tratar, procura de información, traballo de documentación, lectura e análise para achegalo ás demais persoas participantes no seminario.

---

Actividades introductorias

- Descripción:
  - Estas actividades realizaranse nas primeiras sesións nos diferentes grupos.
  - Están encamiñada a tomar contacto e a dar e recoller información sobre a materia e sobre o alumnado (coñecementos previos, intereses e motivacións).
  
  - Poderán presentarse curtametraxes ou outro tipo de pezas que o alumnado terá que analizar en forma de chuvia de ideas partindo dun guión proposto pola/o docente, quen preguntará sobre ideas e conceptos para coñecer o grao de afinidade e comprensión da materia.
  
  - Tamén se poderán propor cuestións ás que o alumnado terá que responder oralmente.
  
  - Asemade realizarase a presentación específica do curso: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación, etc.
- Obxectivo: comunicar amigablemente que se pretende atinxir con este curso e de forma somera coa materia de Socioloxía. Aclarar, no posible, a finalidade da materia e o seu interese para o alumnado.
- Modalidade: guiada
- Natureza: teórico/práctica
- Escenario: aula ordinaria
- Grupo: calquera
- Tarefas do alumnado: participar activamente nas actividades propostas en aula

---

Estudo previo

- Descripción: sempre antes de cada sesión presencial maxistral (horas A) ou do desenvolvemento de traballo práctico (horas B) ou seminarios (horas C) o alumnado realizará as actividades previstas como previas.
  
- O alumnado deberá procurar, ler e traballar a documentación ou o material proposto e facilitado pola/o docente.
- Pode ser para unha actividade teórica - procura de información, análise e organización de documentación- ou a realización dunha tarefa que deba ser resolta con traballo práctico.
- Obxectivo: habituarse a asistir ás aulas cun mínimo de coñecementos da materia que permita avanzar a bo ritmo e compartir coñecementos para facilitar o debate en sesión maxistral, seminario ou práctica.
  
- A/o docente porá a disposición do alumnado o material de lectura ou as indicacións para obtelo.
  
- Modalidade: autónoma.
- Natureza: práctica.
- Escenario: Non prescrito.
- Realizarase en grupo reducido ou de forma individual.
  
- Tarefas do alumnado:
  - Procurar a documentación (bibliográfica, bases de datos, Internet, etc.)
  - Ler a documentación facilitada polo/a docente ou obtida de forma autónoma.

---



Lección maxistral	<p>Non se trata de realizar leccións ao uso, pois a presentación estruturada e ordenada dos temas xa está a disposición do alumnado na plataforma.</p> <p>Nos tempos dedicados á exposición a cargo da/o docente levarase a cabo a explicación e aclaracións do contido da materia:</p> <p>Relacionala coas sesións anteriores e posteriores</p> <p>Resaltar as ideas principais</p> <p>Aclarar aqueles puntos máis complexos</p> <p>Dar a aplabra ao alumnado para resolver as dúbidas e ofrecer exemplos (de actualidade, reais, etc.), relacionar os novos conceptos, e asegurar a comprensión do contido empregando a exposición teórica ou a discusión e debate.</p> <p>□Obxectivo: abrir portas a novos coñecementos</p> <p>□Modalidade: guiada, a presenza de docente é necesaria.</p> <p>□Natureza: teórica.</p> <p>□Escenario: aula ordinaria A (na que se desenvolven habitualmente as aulas).</p> <p>Recursos tecnolóxicos (malia non ser imprescindibles poderán empregarse o proxector, conexión a Internet, vídeo ou dvd□).</p> <p>□Grupos: grande.</p> <p>□Tarefas do alumnado: participar activamente na sesión (tomar notas, tomar a palabra, contestar preguntas□).</p>
Resolución de problemas	<p>□Descrición: formulación, análise, resolución e debate de exercicios relacionados coa temática da materia.</p> <p>A docente propón, ao final de cada tema, por escrito e de forma organizada unha batería de exercicios e actividades.</p> <p>A documentación de consulta e lectura estará a disposición do alumnado e conforma a guía de orientación e análise, centra os puntos de interese, de ampliación ou de complexidade para a posterior discusión e posta en común na aula.</p> <p>En hora A realízase un exercicio escrito por cada tema que será recollido pola docente na aula para incorporarse a avaliación.</p> <p>En todas as sesións maxistrais a docente preguntará pola realización dos exercicios de autoavaliación, polas dificultades e dúbidas atopadas e recollerá os comentarios e achegas do alumnado comentados en público. Resolveráse na aula cantas dúbidas se presenten deste xeito.</p> <p>□Obxectivo: Reflexionar e relacionar teoría e práctica e proporcionar feedback ao alumnado sobre o proceso de aprendizaxe. Realmente é unha peza metodolóxica integrada, que permite aprender, consolidar, ampliar, autoavaliar e avaliar, e comunicar na aula.</p> <p>□Modalidade: guiada.</p> <p>□Natureza: práctica.</p> <p>□Escenario: aula ordinaria con recursos tecnolóxicos.</p> <p>□Grupo: grande.</p> <p>□Tarefas do alumnado: o alumnado deberá resolver os exercicios propostos a partir do material de estudo facilitado pola docente. Posteriormente terá lugar unha posta en común.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	<p>O seminario é unha metodoloxía que combina o traballo individual e de grupo, o traballo autónomo e o guiado en aula C. Con esta atención preténdese guiar e avaliar o proceso de aprendizaxe e o progreso do alumnado, tanto no plano teórico como práctico: pescudas, recompilación, análise, opinión, presentación, debate en aula C, □. O seguimento consignarase nas fichas individuais e tamén con referencia ao grupo C no que se integre cada alumna/o durante o desenvolvemento das aulas C. A docente proporá temas de traballo e será o alumnado quen decida a súa concreción de acordo cos seus intereses ou relevancia. A docente indica o marco teórico para traballar, e, sobre el, o grupo deberá tomar decisións, coordinarse na distribución de tarefas e definir o que se vai presentar en aula.</p>
Resolución de problemas	<p>Ao final de cada tema, e de forma voluntaria para o alumnado, levarase a cabo unha pequena proba de coñecemento que permitirá ir recompilando información de cada alumna/o sobre a evolución da adquisición de competencias cognitivas. Estas probas retroalimentan a información, xa que lle serán devoltas ao alumnado coas indicacións pertinentes. Ademais permiten realizar avaliación de proceso e son unha ferramenta útil para conseguir que o alumnado teña a materia ao día e non acumule temas sen traballar, pois a superación destas probas permitirá acadar unha avaliación positiva nesa parte da materia sen ter que realizar outra proba de coñecemento.</p>

Foros de discusión	Esta atención permite que o alumnado resolva de forma autónoma a coordinación necesaria para o traballo de aulas B e C. No B estará formado polo grupo de proxecto e no C polo grupo de aula, que é reducido, aproximadamente 12 persoas. Deberan conformar unha rede de traballo a través de Internet con todos os compoñentes. O foro permitirá debater o necesario para acordar temas, priorizar o desenvolvemento, acordar quen intervirá na aula e sobre que, ... É un tipo de traballo autónomo do grupo, e quen se encargue da docencia deberá garantir que existe, que se comunican todos os membros e tomará nota do resultado dos debates e decisións.
Resolución de problemas de forma autónoma	Con esta atención, que se poderá desenvolver en aula (A,B e C) e nas titorías individuais e de grupo, preténdese estimular o alumnado a profundar e consolidar os coñecementos que ofrece a materia. A base para esta atención está na proposta de actividades que se fai ao final de cada tema. O alumnado poderá decidir que actividades realiza segundo os seus intereses ou relevancia, e despois poderá contrastar co grupo o resultado ou traballalo en titoría coa docente para mellorar as competencias cognitivas e metodolóxicas. Estes exercicios formarán parte da documentación compilada para o cartafol.
Actividades introductorias	Con esta atención preténdese aclarar todo o necesario para desenvolver correctamente o traballo de curso. En cada tipo de aula (A, B, C), por ser diferente, levaranse a cabo as necesarias explicacións sobre contidos, metodoloxía e avaliación, dando a palabra ao alumnado para que poida preguntar o que considere oportuno. Na primeira parte da intervención poderanse empregar estratexias que permitan coñecer aproximadamente o grao de familiaridade do alumnado coa materia e coas metodoloxías que se van aplicar. Poderanse realizar tormentas de ideas, visionar algunha peza audiovisual e logo ter un coloquio sobre ela, realizar a presentación do alumnado facendo algún tipo de precisión, ou calquera outra estratexia de iniciación á materia.
Traballo tutelado	A atención céntrase na orientación para o deseño teórico e metodolóxico e no seguimento da realización do proxecto de investigación que o alumnado debe realizar en grupo. Esta atención levarase a cabo fundamentalmente no transcurso das aulas B que teñen como obxectivo específico acadar as destrezas básicas na praxe metodolóxica e tamén en destrezas tecnolóxicas, lingüísticas e colaboradoras. Levarase a cabo na aula B atendendo grupo por grupo, no despacho e a través de correo electrónico.
Presentación	Esta atención ten como obxectivo orientar o alumnado na mellora das destrezas comunicativas ou na superación dos obstáculos que se poden presentar ao falar en público e comunicar de forma eficiente. Dedicarase unha sesión colectiva a preparar e orientar nestas destrezas na hora A e na B e, eventualmente, tamén se pode traballar na titoría de xeito individual.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Esta atención pretende que o alumnado adestre no uso dos recursos que ofrecen as TIC: procura de información, manexo de ferramentas básicas para deseñar táboas e gráficas, tratamento de datos e busca de fontes. Respecto da procura de información e valoración e cita de fontes, o alumnado deberá realizar obrigatoriamente o curso que ofrece a biblioteca do campus. Para adestrar en tratamento de datos e elaboración de gráficas e cadros a atención levarase a cabo na aula en hora B e C ou na titoría.
Estudo previo	Quen teña o encargo da docencia porá a disposición do alumnado dende o inicio de curso a documentación necesaria para realizar o traballo previo ás sesións A, B ou C. Esta atención permitirá que o alumnado poida asistir ás aulas cun coñecemento previo do que se vai tratar e polo tanto poderá formular dúbidas e preguntas con maior acerto, ou mesmo debater sobre o que se está aprendendo. O alumnado debe ler a documentación ou o material proposto e facilitado pola/o docente. Pode ser para unha actividade teórica - procura de información, análise e organización de documentación- ou a realización dunha tarefa que deba ser resolta con traballo práctico.
Lección maxistral	Con esta atención non se pretende realizar leccións nas que a relación docente alumnado sexa xerárquica e unidireccional. Para evitar isto a presentación estruturada e ordenada dos temas xa está a disposición do alumnado na plataforma Faitic, de modo que o alumnado pode e debe lela con anterioridade, e dese modo ten xa un punto de partida para poder reflexionar e participar na aula. Non obstante, nos tempos dedicados á exposición a cargo da/o docente levarase a cabo a explicación e aclaracións do contido da materia que o alumnado considere de maior interés pola súa relevancia ou complexidade. En todo caso hai un guión estándar que consiste en: relacionar o contido do tema co marco global da materia, resaltar as ideas principais, aclarar aqueles puntos máis complexos, dar a palabra ao alumnado para resolver as dúbidas e ofrecer exemplos (de actualidade, reais, etc.), relacionar os novos conceptos, e asegurar a comprensión do contido empregando a exposición teórica ou a discusión e debate.
<b>Probas</b>	<b>Descrición</b>
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado poderá facer de xeito voluntario unha proba de resposta longa, con acceso a información durante o desenvolvemento da mesma, co obxectivo de subir a cualificación final. Poderá realizala o alumnado que acade unha cualificación superior ou igual a notable 8. Esta proba dará a oportunidade de acceder ao sobresaliente ou matrícula de honra. A proba desenvolverase na data de exame final oficial.

Resolución de problemas e/ou exercicios	Esta atención permitirá (ao alumnado e á docente) ter información semanal sobre o desenvolvemento da aprendizaxe da materia. O contido será sobre o máis importante de cada tema e a resposta curta permite obter información sobre se se van acadando as destrezas cognitivas requiridas. As explicacións en aula A son importantes para resolver dúbidas e as probas realizaranse nas horas A. a superación destas probas permite acadar a cualificación positiva sen ter que realizar o exame final.
Cartafol/dossier	Con esta atención preténdese estimular o alumnado para traballar aquelas destrezas máis febles que cada quen identifique, tanto no plano cognitivo como metodolóxico, lingüístico ou tecnolóxico. A docente ofrece unha batería de propostas en forma de pescudas, reflexións, análises de pezas documentais literarias ou de imaxe, etc. e será o propio alumnado quen decida que e canto facer. Todo este traballo formará parte dun cartafol/dossier persoal que se poderá mostrar e consultar coa docente, quen proporá melloras e orientacións. Este cartafol poderá formar parte da documentación a ter en conta para a avaliación final.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Esta metodoloxía está pensada para poñer en práctica os coñecementos adquiridos e activar as capacidades que permiten acadar competencias de aplicación á realidade. O traballo será realizado en pequeno grupo, guiado, avaliado en proceso e avaliado en resultado. A base sobre a que se aplican os criterios de avaliación é a das competencias da materia a través da participación do alumnado nas sesións de introdución e de seguemento e a memoria onde se recolle o traballo realizado.	25	A1 B5 C12 D1 A2 B11 C13 D2 A3 B12 C23 D3 A4 C24 D5 A5 C25 D6 C26 D7 C27 D8 C28 D9 C29 D10 C36 D11 C43 D12 C62 D13 C63 D14 C67 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21
Presentación	Neste apartado terase en conta a presentación pública dos traballos tutelados, así como a presentación e debate ou posta en común en aula dos exercizos e dos seminarios. polo tanto neste apartado é no que se valoran especificamente as competencias relacionadas coa comunicación e a participación nas aulas A, na presentación pública da memoria do proxecto de investigación, e nos seminarios das horas C.	15	A1 C10 D3 A2 C12 D5 A4 C43 D6 A5 C63 D11 C67 D17 D21
Resolución de problemas de forma autónoma	Esta metodoloxía, de carácter voluntario, está pensada para aquelas persoas que desexen afondar un pouco máis nos temas. No material preparado pola docente fanse suxestións que orientan ao alumnado para este fin, podendo tamén o propio alumnado afondar en aspectos que non estean suxeridos pola docente. Este traballo voluntario pasará a formar parte do cartafol individual do alumnado e permitirá sumar para a avaliación final.	5	A1 B11 C13 D1 A3 B12 C14 D3 A5 C28 D15 C43 D21 C62 C66 C67
Seminario	Cada grupo C terá 8 sesións en seminario (horas C) ao longo do cuadrimestre. Para o seu desenvolvemento será preciso que o alumnado se coordine, se documente e traballe previamente, individualmente e en grupo, coas lecturas e indicacións propostas. Nas sesións de seminario cada participante intervirá presentando as conclusións ás que chegara, de modo que se comparta o coñecemento e que se debata en grupo.	15	A1 B5 C12 D1 A2 B11 C13 D2 A3 C30 D3 A4 C37 D8 A5 C43 D9 C48 D11 C64 D12 D13 D14 D15 D16 D17

Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante o desenvolvemento do curso realizaranse, de xeito voluntario por parte do alumnado, 10 probas de coñecemento de resposta curta sen apoio de apuntamentos nin material de consulta. Quen non desexe realízalas debe renunciar a esa posibilidade expresamente e comunicarllo á docente. Nese caso deberá realizar obrigatoriamente a proba de coñecemento na data do exame final pero sie apoio de material de consulta. Para a realización das probas tomarase como base os contidos dos temas e os exercicios propostos ao final de cada tema. As probas de resposta curta serán avaliadas de inmediato e devoltas ao alumnado para a súa comprobación e comentario en aula. permiten manter o ritmo de traballo e a retroalimentación respecto do resultado. De superarse estas probas non será necesario facer ningunha outra proba de coñecemento. Para iso non deben suspenderse máis de 4 por debaixo de 4, ou máis de 3 por debaixo de 3.5. O total de suspensos que se poderán acumular con estas cualificacións non deberá ser superior ao 40%.	30	A1 B7 C1 D19 A5 B9 C4 B10 C10 B12 C11 C13 C14 C27 C28 C31 C36 C37 C62 C66 C67
Cartafol/dossier	O cartafol é de realización voluntaria e persoal, flexible segundo os intereses e necesidades da cada alumna/o. No cartafol irase plasmando o traballado realizado durante o curso: resolución de exercicios de entre os recomendados ao final de cada tema, pescudas, recensións, cometarios sobre vídeos e películas, ..., nel poderanse incluír elementos concernintes ao traballo de aula A, B ou C. Por exemplo, pódense incluír aspectos concretos relacionados co traballo de investigación tutelado de grupo que non teñan cabida na memoria. O cartafol poderase ir revisando na titoría ao longo do cuadrimestre por solicitude do alumnado ou da docente.	5	A1 B7 C1 D1 A2 B9 C4 D3 A3 B10 C10 D12 A5 B11 C12 D13 B12 C13 D14 C14 D19 C27 D21 C30 C31 C36 C37 C43 C62 C64 C66 C67
Exame de preguntas de desenvolvemento	A proba presencial de resposta longa ten dobre carácter: voluntario para acceder do notable ou o sobresaliente á MH; e carácter obrigatorio no caso de non superar a avaliación continua Terá lugar na data da proba final oficial. Disporase de dúas horas para a súa realización e poderanse consultar materiais como o cartafol ou outras lecturas de consulta. Nesta data oficial final participarán tamén as persoas que non acadaran unha avaliación continúa positiva ao longo do desenvolvemento do cuadrimestre ou as que renunciaren expresamente a facelas. neste caso o tipo de proba será unha mestura de preguntas curtas e longas sen apoio de materiais de consulta. Tamén disporán de dúas horas para o seu desenvolvemento. Neste caso deberase acadar unha cualificación que permita facer media coas demais partes da materia, podendo chegar ata o 30% previsto para a avaliación continua coas probas de resposta curta.	5	A1 B7 C1 D1 A3 B9 C4 D3 A4 B10 C10 D13 A5 B12 C11 D14 C13 D19 C14 D21 C28 C31 C36 C37 C62 C66 C67

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para superar a materia é imprescindible: cumprir os prazos de traballo establecidos, superar a avaliación continua, a(s) proba(s) de contidos teóricos e a memoria final do traballo.

Polo tipo de materia que é faise máis fincapé nos aspectos reflexivos que memorísticos.

A segunda convocatoria (avaliación de xullo) terá os mesmos requirimentos, de tal maneira que as partes superadas na primeira non hai que repetilas.

A data de exame pódese consultar na web da facultade no apartado de organización académica.

<http://feduc.webs.uvigo.es/>

Todo o alumnado, asista ou non ás aulas, ten dereito a ser avaliado. As condicións de avaliación do alumnado non asistente son que certifique e motive razoablemente a imposibilidade de asistencia. Será guiado na aprendizaxe e no cumprimento dos fitos a través de titorías concertadas coa docente. Os requirimentos non serán diferentes en relación á consecución das competencias, a excepción do que depende do traballo que se fai en grupo ou que se ha de presentar oralmente diante do mesmo. Terá dereito a un exame global.

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Fernández Enguita, Mariano, **Educación en tiempos inciertos**, Morata, 2001

Fernández Palomares, Francisco (coordinador), **Sociología de la educación**, Pearson, 2003

Fernández Enguita, Mariano (editor) Sociología de la Educación, **Sociología**, Ariel referencia, 1999

Macionis, John J. & Plummer, Ken, **Sociología**, 4ª Edición, Prentice Hall, 2011

Fernández Enguita, Mariano, **La profesión docente y la comunidad escolar**, Morata, 1999

### **Bibliografía Complementaria**

Pérez-Díaz, Víctor e Rodríguez, Juan C., **La educación general en España**, Fundación Santillana, 2003

Varela, Julia, **Las reformas educativas a debate**, Morata, 2007

Viniegra, L., **Atando teoría y práctica en la labor docente**, Paidós, 2004

VVAA, **Investigación-acción, reflexión crítica sobre la práctica educativa**, Eduforma, 2007

Willis, Paul, **Aprendiendo a trabajar: como los chicos de la clase obrera consiguen trabajos de clase obrera**, Akal, 1988

Santos Guerra (coordinador), **El harén pedagógico. Perspectiva de género en la organización escolar**, Graó, 2000

Steimberg y Kinchelore (compiladores), **Cultura infantil y multinacionales**, Morata, 2000

Volker, Joan, **Nacimiento de dos hermanos gemelos: el sociólogo y el maestro de escuela**, Península, 1975

Miedziam, Myriam, **Chicos son hombres serán: cómo romper los lazos entre masculinidad y violencia**, Horas y horas, 1996

Muel, Francine, **La escuela obligatoria y la invención de la infancia anormal en Espacios de poder**, Ediciones de la Piqueta, 1991

Fernández Enguita, Mariano, **La escuela a examen**, Pirámide., 1999

Foucault, Michel, **Vigilar y castigar**, Siglo XXI, 1984

Laval, Christian, **La escuela no es una empresa. El neoliberalismo al asalto de la escuela pública**, Paidós, 2004

Appel, Michel W., **Educación como "Dios manda"**, Paidós, 2006

<http://www.un.org/>, **Naciones Unidas**,

<http://www.oneworld.net>, **One World**,

<http://www.europa.eu.int/index-en.htm>, **Unión Europea**,

<http://portal.unesco.org/>, **UNESCO**,

Informe internacional OCDE, **Escuelas y calidad de la enseñanza**, MEC/Paidós, 1990

Pérez-Díaz, Víctor e Rodríguez, Juan C., **Educación superior y futuro de España**, Fundación Santillana, 2001

[www.ine.es](http://www.ine.es), **Instituto Nacional de Estadística**,

<http://www.consellodacultura.org>, **Consello da Cultura Galega**,

Iglesias Álvarez, Ana, **Falar galego: No veo por que. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia**, Xerais, 2002

[www.ige.eu/web/index](http://www.ige.eu/web/index)., **Instituto Galego de Estatística**,

[faitic.uvigo.es/index](http://faitic.uvigo.es/index)., **Universidade de Vigo**,

[www.csic.es/](http://www.csic.es/), **CSIC**,

[www.migualdad.es/mujer/](http://www.migualdad.es/mujer/), **Instituto de la Mujer. La mujer en cifras**,

[sgi.xunta.es/publdida.html](http://sgi.xunta.es/publdida.html) -, **Servizo de Igualdade (Galicia)**,

[www.oecd.org/document](http://www.oecd.org/document), **OCDE**,

[www.cervantesvirtual.com/](http://www.cervantesvirtual.com/), **Biblioteca Virtual Cervantes**,

[www.educarm.es/templates/portal/images/ficheros/revistaEducarm/](http://www.educarm.es/templates/portal/images/ficheros/revistaEducarm/), **REDINET (Información educativa)**,

[www.sc.ehu.es/sfwseec/basedatos.htm](http://www.sc.ehu.es/sfwseec/basedatos.htm) -, **ERIC (Centro de recursos educativos)**,

[www.plazayvaldes.es/libro/diccionario-critico-de-ciencias-sociales/1249/](http://www.plazayvaldes.es/libro/diccionario-critico-de-ciencias-sociales/1249/), **Diccionario crítico de Ciencias Sociales**,

[www.injuve.mtas.es/injuve/portal.portal.action](http://www.injuve.mtas.es/injuve/portal.portal.action), **INJUVE (Instituto de la Juventud de España)**,

[http://webs.uvigo.es/hcastro/guias/guia\\_dep08.html](http://webs.uvigo.es/hcastro/guias/guia_dep08.html), **Como realizar un trabajo académico**,

Hernández Sapiéri, **Metodología de investigación**, Mc.Graw-Hill, 1997

Bauman, Zygmunt, **Amor líquido: acerca de la fragilidad de los vínculos humanos**, FCE, 2005

Illich, Ivan, **La convivencialidad**, Virus, 2011

Rendueles, César, **Sociofobia: el cambio político en la era de la utopía digital**, Capitán Swing, 2013

Carrasco, Cristina, **El Trabajo de cuidados**, Los libros de la Catarata, 2011

Sennett, Richard, **La corrosión del carácter**, Anagrama, 2000

Hunt, Lynn, **La invención de los derechos humanos**, Tusquets, 2009

Renau, M<sup>a</sup> Dolores (Ed.), **Como aprender a amar en la escuela**, La catarata, 2012

Tonucci, Francesco, **Peligro, niños**, Graó, 2012

Acaso, María, **Pedagogías invisibles. El espacio del aula como discurso**, La catarata, 2012

Imbermom, F. Jarauta, B. (Coord.), **Pensando el futuro de la educación**, Graó, 2012

Oliveira, Chis e Traba, Amada, **ám@me. Pensar o amor no século XXI**, Galaxia, 2018

Durán, José y Duque, Eduardo, **Las transformaciones de la educación. De la tradición a la modernidad hasta la incertidumbre actual**, Dykinson, 2019

## **Recomendacións**

## Outros comentarios

---

Recoméndase encarecidamente que se lea esta guía con atención para poder aclarar as dúbidas xa na sesión de presentación da materia o primeiro día e non pasemos o curso aclarando cuestións que xa están recollidas neste documento.

Recoméndase poñer atención á documentación que se sube á plataforma virtual MOOVI. Nela están desenvolvidos os temas, esquemas de traballo, fichas e guións para realizar comentarios e outros traballos voluntarios, guías (como a de análise de películas con perspectiva sociolóxica), novas, anuncios, calendario previsto de realización do programa e datas das probas de avaliación.

Ningún traballo tutelado vai darse por finalizado ata que non acade a cualificación de apto.

Debe poñerse atención á bibliografía máis ampliada e bases de datos importantes para o desenvolvemento dos traballos.

Recoméndase ver os vídeos, documentais e películas que se propoñen nos diversos temas da materia pois contribúen a abrir o foco e a mellorar a comprensión do tema.

Tamén é importante ler a prensa e estar ao tanto dos acontecementos, e ter unha actitude aberta, curiosa e crítica ante o mundo.

Polo tipo de materia que é faise máis fincapé nos aspectos reflexivos que memorísticos.

A segunda convocatoria terá os mesmos requirimentos, de tal maneira que as partes superadas na primeira non hai que repetilas.

En caso de non poder asistir establecerase un sistema de traballo en titoría que permita solventar esta situación sen menoscabo do cumprimento de todos os resultados e de acadar todas as competencias establecidas na guía.

---

## Plan de Continxencias

---

### Descrición

---

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen: TODAS

\* Metodoloxías docentes que se modifican: NINGUNHA

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de MOOVI, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir: NON HAI MODIFICACIÓNS

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe: TODA A INFORMACIÓN ESTÁ DISPOÑIBLE NA PLATAFORMA DE TLEDOCENCIA MOOVI

\* Outras modificacións: NON HAI MODIFICACIÓNS

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%] NON HAI MODIFICACIÓNS

...

\* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]NON HAI MODIFICACIÓNS

...

\* Probas que se modifican  
[Proba anterior] => [Proba nova]NON HAI MODIFICACIÓNS

\* Novas probas NON HAI MODIFICACIÓNS

\* Información adicional : No caso de activarse a actividade docente non presencial, esta impartirase mediante Campus Remoto e está previsto o uso da plataforma de teledocencia Moovi como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.=

---